

Antía Yáñez: «A cultura pode educar, pero o que ten que facer primeiro é entreter»

[Sara Pérez](#) REDACCIÓN / LA VOZ [CULTURA](#)

A escritora relata a braveza de catro alumnos con necesidades especiais

13 outubro 2020

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2020/10/13/span-langgl-cultura-pode-educar-ten-facer-primeiro-e-entreter-span/0003_202010G13P33991.htm

Conta **Antía Yáñez** ([Burela](#), 1991) que de pequena lía e lía e lía e lía. Agora, tamén escribe novelas. Como *Plan de rescate* (Xerais), unha publicación que nace para entreter pero que tamén pretende formar. Premiada co [Agustín Fernández Paz](#) na categoría de igualdade, Noela, Xeila, Héitor e Aldán teñen unha misión: salvar ao CEIP O Hórreo.

-A nai de Noela di que é unha parvada preocuparse por cousas que non están na man dun. É tamén unha crenza da súa nai?

-Máis ben é unha filosofía miña. Aínda que ás veces é moi difícil porque é algo inconsciente, hai que intentar que as cousas que non están na túa man non te preocupen. Gustábame que unha nai fose positiva e dixera: se isto non o podes solucionar, pois xa está, non penses niso. Eu quería aproximar as minusvalías e imaxínome que, como nai, tenche que custar moito ver que hai cousas que todo o mundo pode facer e a túa filla non. Quería que fose unha nai positiva porque se non fose así, mal: depresión. Intento ver sempre as cousas positivas.

-Que hai do carácter de Noela en Antía Yáñez?

-Primeiro, iso de que o amor é unha lea. Cando era pequena pasaba olímpicamente. Tamén que sempre quería ser a líder, a xefa, onde todos me fixesen caso. Era moi mandona. Hai de Noela o gusto polas ciencias, onde a súa materia favorita é as mates. Quería loitar contra a idea de que as rapazas son de letras e os rapaces de ciencias. Non, cada un debe estudar o que queira. Eu era a que sacaba as notas máis altas da miña clase en mates.

-Tamén está latente esa vena defensora, de loitar contra as inxustizas?

-Si, pero máis cando era pequena. Ás veces facerse maior é darte conta de que non podes ir de xusticeira pola vida. Hai demasiadas causas polas que loitar, e como non dosifiques vólveste tola. Entón, reivindico ese idealismo da infancia no que cres que podes cambialo todo. Facerte maior é un golpe de realidade. Ti podes poñer o teu gran de area, pero non dependerá de ti. Case nunca

nada depende de ti. Os nenos cren que poden cambiar o mundo, e iso é unha cousa moi bonita da infancia. Ás veces digo: o mundo está feito así, Antía. Ti podes intentalo pero non o vas conseguir.

-Por iso «Plan de rescate». Catro nenos que pensan que poden salvar o colexio.

-Sempre penso: que pode facer un neno que un maior non? Se chegan a ser uns adultos os que están encerrados nesa aula, non saen a salvar o colexio. Comezan a pensar: se me disparan, se hai que mirar as vantaxes e os inconvenientes... Actuarían racionalmente. Se Noela, Héitor, Xeila e Aldán fosen adultos, aínda estarían hoxe encerrados na clase agardando a que chegase a policía.

-Unha aula de necesidades especiais en primaria no CEIP O Hórreo. Como xorde a historia?

-O inicio está nas noticias que se escoitaban hai un tempo, onde adolescentes de EE.UU. entraban en institutos e atacaban aos seus compañeiros e profesores. Cando eu lía esas noticias, o primeiro que me viña á cabeza era o que todos pensamos: «Dios mío, que pasa aí?». Logo tamén pensaba nos motivos que levan a un rapaz de 16 anos a facer iso. E de aí vén a motivación dos que fan isto ao CEIP O Hórreo. Se un rapaz é quen diso, tamén haberá algún que faga o contrario e intente axudalos. Non quería que fose nada melodramático e que rematase como esas noticias. É dicir, tomei unha noticia mala e intentei darlle unha volta para que resultase unha historia divertida.

-Unha novela que nace co obxectivo de entreter pero que tamén pretende formar.

-Interésame o debate de se a cultura é educación, pero realmente non cheguei a unha conclusión satisfactoria. A cultura pode educar, pero o que ten que facer primeiro é entreter. Cando lean o libro, o que quero é que o pasen ben, pero se logo consigo que se formulen preguntas, pois mellor. Eu paseino moi ben escribindo esta novela. Isto é explicar cousas que me facían diferenciarme do resto. E agora que son adulta, decátome de que aí está a virtude. Gustaríame que de pequena me dicesen: non pasa nada por ser diferente.